



Roger Wolfe naceu en 1962 en Westerham, condado de Kent (Inglaterra). Trasládouse a España coa súa familia xa na infancia, adoptou o castelán como lingua literaria de adopción, e en 1986 publicou o seu primeiro libro, *Diecisiete poemas*, na que fora a mítica Imprenta Sur, de Málaga. Dende aquela tirou do prelo arredor de vintecinco obras que inclúen libros de poemas, coleccións de relatos, cadernos de bitácora próximos ao ensaio-ficción, diarios e novelas. Só o poemario *Tangling Through the Slime* viu a luz antes en inglés, aínda que igualmente acadou unha versión bilingüe en España.

Como tradutor, Wolfe tense ocupado de autores como Lawrence Block, James Crumley, Charles Bukowski, Victor Bockris, William Burroughs ou Gregory Corso, entre outros. Para alén diso, durante máis de cinco anos colaborou en varios medios impresos de ámbito estatal con recensións, artigos, crónicas e entrevistas de contido literario, cinematográfico ou de interese xeral.

Tratando de derribar barreiras entre xéneros literarios con vigorosa orixinalidade dentro da súa xeración, Roger Wolfe está considerado o impulsor, a partir da década dos noventa, do novo realismo literario español.

LATE SUMMER

*El susurro de la brisa
entre la hierba alta y en las hojas.
El rumor de los grillos.
La luz de las farolas, como gasas
de amarilla lumbre en la oscuridad.
Una mujer que pasa
—morenos hombros descubiertos,
largo vestido negro, sandalias
de cordel— leyendo un mensaje
en el teléfono
y sonriendo al caminar.*

← (ROGER WOLFE)

Luns 25 de xaneiro
20:00

ÁGORA

www.centroagora.es



Poetas Di(n)versos²⁰²¹

Roger Wolfe





O escritor, poeta, dramaturgo e director escénico **Carlos Santiago** naceu en Compostela no ano 1966. Pertence á xeración de activistas culturais galegos que emerxera nos anos noventa arredor da Sala NASA de Santiago de Compostela. Fixo parte tamén, como cantante e letrista, de bandas de rock como a Banda da Nasa ou a Psicofónica de Conxo, con varios discos editados, e caracterizadas pola mestizaxe e a experimentación musical de vangarda. É autor do poemario *Metalurxia* (1996), de textos narrativos como *Acantinado* (2008) e de diversos espectáculos de poesía portátil como *Textículos* (2004), *Desacordos Ortográficos* (2007) ou *As Cinzas de Pasolini* (2014). Actualmente prepara a edición de varios poemarios inéditos que recollen toda a súa produción poética desde o ano 2000.

Desempéñase como dramaturgo e director escénico tanto en Galicia como en Portugal. Ademais da súa fecunda vinculación ao Laboratorio de Experimentación Dramatúrxica “Flavia Antónia”, a ambas beiras do Miño estreou máis de trinta pezas propias, con compañías como Chévere, A Barraca de Lisboa, O GTN da Universidade Nova de Lisboa, Mofa e Befá, Voadora ou Producións Excéntricas, entre moitas outras.

PAISAXE

*Suponse que a paisaxe está aí
Por tras
Que só
É preciso retirar os eucaliptos
Os tendidos de alta voltaxe
Os galpóns a medio recebar
As urbanizacións nos montes
E as fábricas abandonadas*

*Pero cando retiras todo iso
Simplesmente
A paisaxe non está*

*Así pasa con nós
Cando retiras o que nos allea
tampouco estamos aí*

*E logo
Onde é que estamos?*

*Noutro ser
Noutro lugar*



(CARLOS SANTIAGO)

Luns 25 de xaneiro
20:00

ÁGORA

www.centroagora.es



Poetas Di(n)versos ²⁰²¹

Carlos Santiago

